

## **MOCIÓN DE AER SOBRE O PLAN DE CAMIÑOS**

PLENO 5 XUÑO 2014. ACTA 8/2014

Ao longo do tempo son sempre necesarias intervencións para a mellora dos camiños e estradas das diferentes parroquias. Por desgraza, moitas desas intervencións tiveron e teñen un marcado carácter electoralista, que a maioría das veces acométense debido a presións de todo tipo e non dentro dun plan estrutural programado; dentro dunha visión global que facilite a mobilidade intra e interparroquial.

Entendemos que este plan global de mobilidade debe, entre outras cousas, establecer prioridades, onde se prioricen aquelas vías que contén co consentimento dos veciños/as en prol dunha mellor mobilidade. Polos argumentos expostos, propoñemos ao pleno o seguinte **acordo:**

**Realización dun plan xeral de arranxo de camiños e vías interiores das parroquias, no que se priorice, como condición indispensable para a intervención, o establecemento dos aliñamentos (retranqueos) necesarios e o establecemento das beirarrúas ou zonas de tránsito cun ancho seguro para os peóns, cando ditas vías sexan usadas por automóviles. Terase máxima prioridade naquelas vías que deixen espazo para carrís bici ou uso exclusivo de vehículos sen motor.”**

### **VOTACIÓN E ACORDO.-**

A moción anteriormente transcrita é rexeitada por 18 votos en contra do (10 do PP e 8 do PSdeG-PSOE) e 2 votos a favor (1 de AER e 1 do BNG)